



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE PARA O 20 DE DECEMBRO DE 2016.

Visto que a modificación número 1 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello foi aprobada inicialmente na sesión plenaria realizada o 17 de outubro de 2016 e que o trámite de información ao público e audiencia aos interesados rematou o pasado 9 de decembro de 2016, durante o cal presentáronse varias alegacións.

Visto que se pretende que a modificación da Ordenanza entre en vigor o 1 de xaneiro de 2017 para o cal é preciso que o texto íntegro aprobado esté publicado no BOP e teña transcorrido o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria e urgente do PLENO da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día 20 de decembro de 2016 (martes) ás 20:00 horas, coa seguinte orde do día:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o día 20 de decembro do 2016, ás 20:00 horas.

2.- Aprobación definitiva da modificación número 1 da Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)